

Buenos Aires, 19 de setembro de 1974.

Sr.

D. Marino Dónega Rozas

A Cruña

Querido Dónega:

Recibín as tuas cartas que che agradezo moito. De algún xeito estimulan a traballar. Na derradeira refíreste ó traballo que fixen pra "Grial" e matino que poiden adicar mais espacio á conversa que tiven co superior do mosteiro de Poyo, da que foi testemuño Valentín, encol dos pintores galegos da pintura relixiosa, da obra feita polo pintor checoeslovaco, e do egoísmo que significaba coñecer a técnica da fabricación de mosaicos e non lla transmitir ó pobo pra que crease unha industria á sombra do mesmo mosteiro ou dirixida por éste. Tratábase dun catalán con ideas tallantes. No libro que teño de facer encol de Maside eime de referir a custión destas, pois matino que escluindo a Domingo e a moi poucos mais, Dieste entre eles, os críticos de arte adoitados da prensa galega non matinan que eistan. Ó remate deste mes, ou nos primeiros días do que ~~ben~~, salirá na Editorial Sudamericana un pequeno libro meu encol do arte mural e da ilustración de libros, e o libro en relación co que teño feito nestes xéneros, tidoase "Arte Mural. Ilustración", onde plantexo algúns problemas do noso tempo.

En canto ó Museo si vos non ~~activades~~ medes a sua creación, Isaac faría moi pouco por él. As suas inxedanzas, ó meu ver, relaciónaas con Sargadelos. Os Museos non dan cartos nin moita sona e él aspira a sere, estou por creélo, unha especie de Ibáñez. En canto ó Reglamento de Amigos do Museo podo tratar de conseguir o do Museo de Bellas Artes de Buenos Aires que funciona moi ben, cousa que lle dixen fai tempo a Isaac. De ningún xeito ningún dos seus membros ten de formar parte do Consello. Ten que ter independenciam e ter relación ca dirección executiva do Museo, pois, entre outras misións axuda a orgaizar exposicións, enmáis de conquistar cartos pra elas, sen ter nengunha función directiva.

Estou de acordo contigo en canto que a televisión devora

as suas criaturas. Mais non así nun xornal. Si esto ocorre é que a colaboración non ten interés, mais si se trata de un dibuxo con un pé como no caso de "Figuraciós". Dibuxantes e colaboradores de diarios, revistas, resisten decenios colaborando nun mesmo xornal. Dibuxantes podes contar moitos e non parecen cansar. No meu caso si cansou é porque non debe ter interés algún ou pouco interés. De todos os xeitos eu fico ledo de ter contribuído a dar a coñecer algúns galegos dos que non se teñan noticia ahí, e de algún xeito noticias de Buenos Aires que teñen relación con Galicia e que penséi útiles. Iréi remitindo unhas sete ou oito, ou cecáis algunha mais das que teño apuntes e ren mais. De todos os xeitos agardo noticias de Pillado.

Estou expoñendo unos 22 óleos nunha galería de eiquí, e nos próximos meses sairá o libro a que me referín, con pouco texto e moita reprodución; un álbum feito en serigrafía de moi poucos exemplares, con sete esceas de circo; un clásico arxentino, "El Matadero", con grabados en madeira e preparo tres exposicións mais, outra de estampas en outra galería de eiquí, unha en Punta del Este, no Uruguay; e pra remate dun ano de traballo, en Mar del Plata o 5 de Xaneiro do 75.

Esto é todo. Lembrámonos moito de vos e de todos os amigos. Agradézoche moito as tuas cartas, moi ben escritas e con gracia. Deberías escribir mais. Xa falaremos desto con vagar. Escribe.

Unha grande aperta pra vos os tres de nos os doua: